

O ESPÍRITO SANTO COMEUNO O GATO

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0035_004_id724_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0035_004_id724.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición do texto
DURACIÓN: 0:02:48

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1997
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:**
 - Parroquia:** Limodre
 - Concello:** Fene
 - Provincia:** A Coruña
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Carmen Noche
 - Idade no momento da recollida:** 63
- **RECOLLEDOR/ORA:** Adriana Otero
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** Vaise producir un milagre
 - Tipo:** Anécdotas e chistes
 - Subtipo:** Outros chistes sobre clérigos e figuras relixiosas
 - Referencia:** 1837 AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreá.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, chiste, anécdota, cura, misa

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

O señor cura dunha parroquia de lonxe vía con disgusto como cada día os seus feligreses deixaban de ir á misa e non sabía que cousa facer nin como predicar para que volvesen a cumprir como bos cristianos. Cada vez era máis grande a súa inquedaanza, e non deixara de cismar día tras día e hora tras hora sen dar co remedio. Ata que, ó cabo, debeu dar con algunha maraña, pois chegado o domingo, anunciou dende o púlpito que para o domingo seguinte iba haber un milagre, que tivera un aviso do ceo facéndolle saber que iba baixar á terra o Espírito Santo para saber que os veciños iban á misa e cales non, para tomalo en conta na hora da súa morte

A tal oír, o parvo do sacristán que nada sabía, quedou medio pampo e púxose a cavilar. Ó marcharse os feligreses e atoparse só co cura na sacristía, quixo saber e preguntoulle:

- E logo, señor cura! Vostede como vai facer para que baixe o Espírito Santo?

O cura botou a rir e díxolle:

- Non teñas coidado, home! Xa o verás na súa hora. Entramentes, ben será que vaias á feira e sen que te vexan os veciños, merques unha pomba ben branca, ben branca, e tráesma agachada.

Cheghou o día do milagre e a igrexa estaba a estoupar. Xuntouse nela tanta familia que xa non collía unha alma máis. Rematada a misa, o cura dixo o seu sermón como era o seu costume e falou de como por desleixados os seus feligreses iban todos en camiño de se condenar.

Engadeu logo que, ó ir tantos á misa como fixeran, había de velos o Espírito Santo cando chegara, e daquela el había de pedirlle o seu perdón, porque os seus feligreses, aínda que eran un pouquiño deixados, non eran malos cristianos. Por eso, e rematou pedíndolle a Deus Noso Señor que mandara baixar ó Espírito Santo.

O deixar de falar o señor cura, oíronse moitos rúidos no faiado da igrexa. Os feligreses, a tal ver, esterracéronse. Pero o Espírito Santo non baixou como todos agardaban. O crego teimoso, seguía pedindo unha e outra vez ó Espírito Santo que baixara e, cando xa máis que falar berraba, apareceu no alto o sacristán que lle dixo con gran desacougo:

- Ai, señor cura! E como vai a baixar, se o Espírito Santo o acaba de papar o demo do gato!